

Cursos en liña para preparar as probas do Celga 1

Destinatarios:

Esta convocatoria está dirixida a todas as persoas maiores de 16 anos interesadas en preparar a proba do celga 1 e que teñan coñecementos informáticos a nivel usuario.

Datas do curso:

4 abril – 15 de xuño (10 semanas)

Desenvolvemento do curso:

Se se cobren as 150 matrículas, organizaranse 3 cursos. Cada curso terá 50 persoas e contará cun titor ou titora.

Os cursos desenvolveranse baixo a modalidade de “en liña”.

As persoas admitidas serán convocadas para, xusto antes de empezar o curso, ter unha reunión co titor, nas que

- se dará acceso á plataforma (usuario, contrasinal)
- se explicarán as características da plataforma así como a estrutura, contidos e actividades do curso
- se establecerán os días e os horarios das clases presenciais
- se fixarán os días e hora en que o titor estará dispoñible para atender a través das ferramentas de comunicación da plataforma o alumnado (chat, foro, correo electrónico)

Matrícula:

As persoas que desexen participar nestes cursos deberán enviar unha mensaxe electrónica ao enderezo sxpl.formacion@xunta.es. Non será admisible outra forma de inscrición.

Na mensaxe que envíen indicarán:

- **Nome e apelidos**
- **DNI con letra**
- **Enderezo electrónico e teléfono de contacto**
- **Lugar de residencia**
- **Nivel de estudos**

As persoas solicitantes destes cursos deberán dispor dun equipo informático que cumpra os seguintes requisitos técnicos:

- Conta de correo electrónico
- Ordenador con conexión á Internet (preferiblemente con navegador Explorer):
 - *Procesador: **Pentium 233 MHz ou superior**.
 - *Sistema Operativo : **Windows 9x / NT / Me / 2000 / XP/ VISTA / 7**.
 - *Memoria RAM : 64 MB.
 - *Gráficos : resolución de pantalla mínima: 800x600, e 256 cores.
 - *Son: tarxeta de son 16 bits con entrada e saída de audio. Cascos/altavoces e micrófono, configurados axeitadamente.
 - *Navegador : **Microsoft Internet Explorer 6.0 ou superior**, habilitado para aceptar cookies e Javascript, ou Firefox 1.0 ou superior.
 - *Plugins. É necesario que o usuario dispoña de permisos para instalar, ou teña instalados os seguintes compoñentes: Flash : **Plugin** de Macromedia Flash Player 7 ou superior (**para poder ver as imaxes**).

Prazo de matrícula:

Do 1 de marzo ao 20 de marzo ambos os dous incluídos.

Criterios de selección:

A selección farase por rigorosa orde de matrícula e ata cubrir as 150 persoas que se admitirán nos cursos.

Teléfonos información:

981 957654 – 981 544402 – 981 546835

Publicación da relación das persoas seleccionadas e convocatoria para a presentación dos cursos:

A listaxe de admitidos, cos grupos de cada curso e co titor ou titora encargado de cada un farase pública na páxina web www.xunta.es/linguagalega. Tamén se indicará o lugar e a hora en que as persoas admitidas serán convocadas para presentación e explicación do curso.

A listaxe estará codificada da seguinte maneira: primeira letra do nome, primeira letra do 1º apelido, primeira letra do 2º apelido, tres últimas cifras do DNI (exemplo: Xoán Carlos Álvarez Fontáns 76789863, terá como código: **XAF863**)

Antes do comezo do curso o titor ou titora comunicarse por correo electrónico cos alumnos e alumnas admitidos.

Facer este curso non dá dereito a ningún tipo de certificado.

Os cursos son voluntarios, preparatorios da proba do Celga 1 e gratuítos.

Coa inscrición a persoa solicitante dá o seu consentimento para tratar os seus datos no expediente da convocatoria do curso de conformidade coa Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal